



## Normas de participación no VIII Certame “Festa da Xiba”

A Concellería de Promoción Económica e Turismo do Concello de Sada organiza o VII Certame “Festa da Xiba” co obxectivo de promover e potenciar o sector hosteleiro, a restauración e o turismo no municipio.

### 1ª Ámbito de participación:

O VII Certame “Festa da Xiba” correspondente a 2017, circunscríbese aos límites administrativos do municipio de Sada, pudiendo polo tanto participar nel calquera establecemento adicado á hostelería e restauración do concello de Sada.

### 2ª Obxecto de participación:

Cada establecemento participante poderá presentar a concurso un máximo de unha (1) tapa, debendo contar entre os seus ingredientes básicos con produtos típicos da comarca e especialmente a xiba.

Por mor da modalidade do concurso, as tapas presentadas a concurso serán gratuitas, previa consumición no local, ao seu prezo correspondente, segundo a carta de cada establecemento.

### 3ª Inscripción:

Logo da inscrición no concurso realizada por escrito polos 35 locais participantes, Acordouse:

Os establecementos deberán ter cumplimentada toda a información recollida na ficha, especialmente no caso dos horarios de dispoñibilidade da tapa presentada, para a súa degustación tanto polos clientes, como polo xurado.

A data límite para o envío de fotografías, de cara a promoción e material publicitario, será o día 12 de maio.

O Concello aportará animación musical, o sábado 27, ás 19:30h

Os participantes previa antelación, poderán relizar un video promocional da tapa a concurso e difundila polas redes sociais da Concellería.

Cada participante cederá un importe de 10€ en consumicións no seu local (PVP), en concepto do premio do sorteo do “Papatapas” (Ver Punto 6B, e 8e)

### 4ª Difusión e material de participación:

Pechado o prazo de inscrición, o Concello de Sada difundirá e publicará a listaxe dos establecementos participantes mediante cuñas de radio, cartelería publicitaria, a través da páxina web municipal [www.concellodesada.com](http://www.concellodesada.com), redes sociais, e outros medios de difusión.

Para elaborar as papeletas de votación, e elaborar as estratexias de difusión adecuadas, os establecementos deberán enviar unha fotografía da tapa presentada a concurso a: [turismo@sada.gal](mailto:turismo@sada.gal) antes do día 12 de maio.



Así mesmo, quedará distribuída equitativamente a xiba entre os locais inscritos antes do inicio do evento segundo a cantidade de produto dispoñible, ademáis do material promocional para cada establecemento. Estes mesmos serán os encargados de recoller a xiba na nave de xeo do porto entre os días 22 e 24 de maio en horario de 9:00 a 13:00h., e o material publicitario na Oficina de Turismo entre as 10:00h. E as 15:00h.

Facilitarase a cada establecemento un albarán como xustificante do material recibido.

En caso de non poder recoller o material, deberán poñerse en contacto coa concellería e indicar un día e hora específico para tal fin, en horario de mañá.

### 5ª Modo e período de participación:

A tapa presentada ao concurso deberá estar anunciada e exposta de forma destacada no establecemento, así como en nº suficiente e razoable de unidades ou porcións, do 26 ao 28 de maio.

Os establecementos concursantes deberán ter expostos nun lugar visible o cartel anunciador do concurso, facilitado polo Concello de Sada, no que aparecerán relacionados os establecementos que participan no concurso.

O Concello distribuirá entre os establecementos boletos que, a disposición gratuíta do consumidor, servirán para determinar a tapa gañadora do concurso por votación do público participante, previa consulta a través do formulario de inscrición.

### 6ª Modalidades de votación:

**Premio do Público: Sumaranse os votos de ambas modalidades de cara a puntuación total.**

#### a) Papeleta individual de votación:

O cliente poderá votar a súa tapa favorita a través de papeletas individuais co selo de cada establecemento participante e valorar a mesma de 1 a 3 puntos.

Os clientes poderán repetir votos no mesmo ou distinto local, pero a efectos dos sorteos, só serán recollidas un máximo de 3 papeletas.

#### b) Papatapas:

Toda vez que un cliente deguste unha tapa presentada a concurso, o establecemento participante deberá selar un boleto de votación ("Papatapas") na súa tapa correspondente.

O Cliente deberá completar o "Papatapas" co selo de 3 establecementos, valorando a tapa de 1 a 3 puntos, e entregar o "Papatapas" cuberto cos seus datos, antes do venres 5 de xuño ás 14:00h. nas urnas de votación, na Oficina de turismo, ou ben na Concellaría de Turismo, situada na 3ª planta do Concello.

O Sorteio dos clientes que completen as rutas do "Papatapas" celebrarase o 9 de xuño na Capela de San Roque as 18:00h. O agraciado, será informado por teléfono.



## Premio do xurado profesional

O Concello de Sada a través da Concellería de Promoción Económica e Turismo, propondrá un xurado integrado por profesionais do sector, que deberán ir identificados e puntuar cada unha das tapas presentadas a concurso entre 1 e 5 puntos, atendendo a: cuidado e presentación, sabor, dificultade de elaboración, ingredientes propios da comarca utilizados, textura e disposición do concursante, destacando sempre o ingrediente da xiba.

Para a cata e valoración e unha vez que o xurado estéa identificado no establecemento, ofrecerán ao mesmo, de forma gratuíta:

1 Tapa do concurso, 1 vaso ou botellín de auga.

No caso de que o mesmo xurado repita, ou pida unha consumición diferente da indicada, se lle cobrará o PVP segundo a carta de prezos do establecemento en cuestión.

## Votacion nas Redes (Facebook – Grupo Eres de tapas si...)

O concello en colaboración da páxina de facebook “Eres de Tapas Si...”, outorgará un premio especial aos establecementos participantes e aos clientes que degusten a xiba.

Para participar, o cliente deberá facer unha foto da tapas dos locais participantes, e compartila no grupo “Eres de Tapas Si...”. A partires das cinco publicacións, contarán como votos extra para o mesmo. O cliente que conte con máis publicacións será o gañador do mesmo.

Asemade, deberán engadir á publicación os hashtag: #festadaxiba e #eresdetapassi, para que os votos sexan válidos. No caso de empate, prevalecerá o usuario que suba máis fotos nun mesmo día.

### **7º Reconto de votos:**

O Concello de Sada, a través do persoal designado a tal fin, recontará os boletos de votación utilizados entre os días 29 de maio e 5 de xuño.

### **8º Premios:**

Establécense os seguintes premios:

#### **- Para os locais**

a) **Premio do Público**, para a tapa gañadora segundo a puntuación media obtida unha vez recontados os votos válidos emitidos polos clientes un trofeo e un diploma honorífico. Ademáis de constar a súa tapa na portada do Facebook de Turismo de Sada durante 7 días.

b) **Premio do Xurado**, para a tapa gañadora votada polo xurado definido no apartado 6º, recibirá 100€ en metálico, un trofeo e un diploma honorífico. Ademáis de constar a súa tapa na portada do Facebook de Turismo de Sada durante 7 días.

-c) **Premio Redes sociais**, consistente nun trofeo e nun diploma honorífico. Ademáis de constar a súa tapa na portada do Facebook de Turismo de Sada durante 7 días.

En caso de coincidir o primeiro premio no mesmo local en varias categorías, o trofeo automaticamente pasará ao seguinte clasificado. No caso de haber empate, valoraráse a media entre as distintas categorías.



## - Para os clientes

d) **Voto individual:** Sorteio dun vale por valor de 100,00 € (cen euros), canxeable por unha comida/cea a escoller polo premiado, nun dos locais participantes do concurso aos clientes que voten nas papeletas individuais.

e) **Premio "Papatapas":** Vales en consumicións (10€ por local), ao cliente elixido por sorteio que completase a ruta (3 selos diferentes).

Os vales recolleranse na oficina de turismo ou ben na Concellería de Promoción Económica, e terán validez por 15 días desde o momento da entrega.

Terán un só uso en cada establecemento. Se o importe da(s) consumición(s) supera o do vale, o cliente aportará a diferenza. En caso de non alcanzar o valor do vale, en ningún caso, o establecemento compensará ao cliente pecuniariamente, e o vale constará como disfrutado.

## f) Facebook, Grupo Eres de tapas si...:

- Ao gañador do concurso de facebook se lle outorgará un bono de consumicións nos locais por valor de 70€, trofeo e diploma

- Ao 2º clasificado, bono por valor de 30€ en consumicións nos establecementos participantes, trofeo e diploma.

- 3º clasificado: trofeo e diploma.

## 9º Resolución:

O Concello de Sada a través do persoal que se designe, será ó encargado de facer o recuento dos votos, do seguinte xeito:

Aquel establecemento que obteña a puntuación media máis alta será o gañador absoluto do concurso.

Os locais participantes poderán estar presentes durante o proceso de recuento oficial de votos previa solicitude.

O VIII Certame "Festa da Xiba" fallarase antes do día 9 de xuño do 2017.

A resolución do concurso trala votación será inapelable, non puidendo quedar deserto.

No caso de que o premio non sexa reclamado e retirado na data sinalada ou nun prazo de 15 días desde que sexa publicados os premiados, ou que o gañador non cumpra cos requisitos mencionados anteriormente, o premio quedará sen efecto. Así, calquera cambio de teléfono por parte do gañador, é responsabilidade do participante.

O cliente ao cubrir os seus datos de participación aceptará expresamente as bases do concurso e a publicación do seu nome en caso de saír gañador do concurso. De acordo coa Lei de protección de datos poderá exercer o dereito de rectificación, cancelación ou oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Concellaría de Promoción Económica e Turismo do Concello de Sada, cancelando así a súa participación, pasando así o premio á listaxe de reserva.

Por indicación expresa do xurado, poderán otorgarse mencións especiais ou accesits.



TURISMO DE SADA

[www.sada.gal](http://www.sada.gal) / [turismo@sada.gal](mailto:turismo@sada.gal)

(+34) 638.421.054 / 981.620.075 ext. 264



### 10ª Aceptación das Bases:

A participación no VII Certame “Festa da Xiba” implica a aceptación destas bases, así como a resolución das mesmas.

Sada, 16 de maio de 2017

Asdo.

O Alcalde Presidente do Concello de Sada,

O. Benito Portela Fernández.

